

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN: ordinaria NÚMERO: 2020/8

DATA: xoves 30 de xullo de 2020 LUGAR: Salón de Plenos - Casa do Concello

HORA DE COMEZO: 20:00 h

HORA DE REMATE: 21:11 h

PRESIDE MARÍA DEL CARMEN FIGUEIRA ARES

SECRETARÍA MÓNICA PICHEL GARCIA, que redacto esta acta.

ASISTEN

HADRIANA ORDOÑEZ OTERO
XUSTO XOSE ORDOÑEZ FIGUEIRA
ADELINA CES QUINTANS
TOBIAS BETANZOS REGO
RAQUEL GARCIA ABUIN
PP
GERMAN ALLUT VIDAL
ALICIA CAROU ROMERO
FRANCISCO RUBIO VICENTE
PSdeG-PSOE
ROSA ANA GARCIA FIGUEIRA
FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES
MARÍA JOSÉ TEMBRA MUÑIZ
Rianxo en Común-SON
JULIO ALCALDE HERMO
JULIAN BUSTELO ABUIN

AUSENTES

PP
MARIANO MOARES RIAL
Ciudadanos
SARA MARÍA RESUA PATIÑO
BNG
ADOLFO FRANCISCO MUÍÑOS SÁNCHEZ

ORDE DO DÍA

PARTE RESOLUTIVA

1. APROBACIÓN ACTAS PLENOS ANTERIORES

PARTE DE CONTROL

1. Dación de Conta das Resolucións de Alcaldía e Actas da Xunta de Goberno
2. DACIÓN DE CONTA. Escrito presentado o 24/07/2020. Representante da Corporación na Mesa Local de Comercio
3. MOCIÓN de Rianxo en Común: RETANUTALIZACIÓN DA RÍA
4. MOCIÓN de Rianxo en Común: ZONAS DE OCIO INFANTIL DO CONCELLO DE RIANXO
5. Rogos e preguntas

ACORDOS

PROPOSTAS ORDINARIAS

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2020/G010/000008 e identificado pola pegada dixital:

b70777dc4f4aa32d3b19963338e4863013dd99284435afe91028914c49b72af4

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://youtu.be/iBEy6GC1Jrw>

PARTE RESOLUTIVA

1 APROBACIÓN ACTAS ANTERIORES DO PLENO

Aprobación Acta nº 4/2020 do Pleno en sesión extraordinaria do 09/03/2020

A Presidencia preguntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha

observación á acta nº 4/2020 de 09/03/2020.

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 09/03/2020, Acta nº 4/2020.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

Aprobación Acta nº 5/2020 do Pleno en sesión ordinaria do 28/05/2020

Advertido un erro neste acta por parte da secretaria, nas votacións dos puntos 1 e 2 o nome da concelleira HADRIANA ORDOÑEZ OTERO, debendo ser corrixido:

onde pon : Hadriana Ces Quintáns

debe por: Hadriana Ordoñez Otero

A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 5/2020 de 28/05/2020.

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 28/05/2020, Acta nº 5/2020.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

Aprobación Acta nº 6/2020 do Pleno en sesión extraordinaria do 15/06/2020

A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 6/2020 de 15/06/2020.

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 15/06/2020, Acta nº 6/2020.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

Aprobación Acta nº 7/2020 do Pleno en sesión ordinaria do 25/06/2020

A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 7/2020 de 25/06/2020.

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 25/06/2020, Acta nº 7/2020.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

PARTE DE CONTROL

1 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO

A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/06/2020 ata o 30/06/2020, que comprenden os números 284/2020 ao 354/2020, e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión.

B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 6 da Sesión ordinaria do día 04/06/2020
- Acta nº 7 da Sesión ordinaria do día 18/06/2020

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO

2 DACIÓN DE CONTA. ESCRITO PRESENTADO O 24/07/2020. REPRESENTANTE DA CORPORACIÓN NA MESA LOCAL DE COMERCIO

En sesión plenaria organizativa celebrada en data de 18.07.2019 adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

“9.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS.

(...)

QUINTO

Proponse nomear como representantes municipais na Mesa Local de comercio, considerando a existencia de 1 soa asociación empresarial rianxeira, e ante a ausencia de asociación de consumidores e usuarios, contar con unha a nivel provincial, a 2 concelleiros, sendo 1 Maria del Carmen Figueiras Ares, e 1 do grupo político municipal distinto aos do goberno.”

En atención ao acordo anteriormente adoptado, en data de 24 de xullo de 2020 e Rexistro de Entrada nº 2627, tivo entrada neste Concello o escrito presentado polo concelleiro do grupo municipal PP D. Germán Allut Vidal relativo a elección entre os grupos municipais distintos aos do goberno de elección como representante da Corporación na Mesa Local de Comercio,

indicando:

"...

*Reunidos os tres grupos políticos municipais da oposición no Concello de Rianxo (Partido Popular - Rianxo en Común - Ciudadanos) acordamos propoñer ao Concelleiro do Partido Popular **D. Mariano José Moares Rial con DNI. ******* como representante da Corporación na Mesa Local de Comercio."*

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

3 MOCIÓN DE RIANXO EN COMÚN: RETANUTALIZACIÓN DA RÍA

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Moción relativa a RETANUTALIZACIÓN DA RÍA, sen dictame previo de Comisión Informativa.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orde do día do presente Pleno da Moción sen ditame previo de Comisión Informativa, aprobándose a citada inclusión por unanimidade dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación

Dáse lectura da moción

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O proxecto "Rexeneración de varias praias de Rianxo" consistiu, fai algo máis de 10 anos, na aportación de área ás praias de A Torre, O Pazo, Quenxo, Tanxil e As Cunchas, así como na construción de catro espigóns co obxecto de reter a área aportada. O obxecto desta actuación era, segundo se dicía, ampliar a superficie de praia seca do noso municipio cun recrecemento medio das praias en preamar de entre 20 e 50 metros.

Segundo o proxectado, entre as 5 praias antes citadas repartíronse e 214.062,5 metros cúbicos de área de canteiras autorizadas e 173.699,2 metros cúbicos de área do xacemento mariño situado fronte á praias das Cunchas. Para conter esta área, construíronse tamén catro espigóns, dous de pilotes de madeira e outros dous de pedra. Estes últimos construíronse nos extremos da unidade conformada polas praias de Quenxo e Tanxil, tendo o do extremo Oeste da Praia de Quenxo unha lonxitude de 213,6 metros e o do extremo Este da Praia de Tanxil 221,6 metros. Os dous espigóns de madeira situáronse no extremo Este da praias da forre(77,1 metros) así como no extremo Norte da praia do Pazo (120,7 metros).

Ao dito proxecto, a Confraría de Pescadores "Virxe do Carmen" de Rianxo e a Agrupación de Mariscadoras a Pé, presentaron informes nos que indicaban que se ben non se opoñían ao mesmo consideraban que se deberían ter en conta unha serie de condicións para minimizar o impacto ambiental sobre os bancos marisqueiros, apuntamento que foi apoiado tamén polo

Concello de Rianxo.

Pola súa banda, a Dirección Xeral de Recursos Mariños da Xunta de Galicia, reclamaba daquela que no proxecto "Rexeneración de varias praias de Rianxo" non se tivera en conta a perda directa de superficie marisqueira por ocupación de fondos mariños debido aos espigóns e ao aumento de praia seca e suxería que que o proxecto se someterá a avaliación de impacto ambiental polos potenciais impactos que podía xerar e a complexidade dos mesmos, porén non se fixo así.

Máis explícitos eran, por exemplo, dende a Asociación para a Defensa Ecolóxica da Galicia (ADEGA), os cales sinalaban que as praias obxecto da "rexeneración" non sufriran procesos erosivos significativos polo que, dicían, o que se pretendía co proxecto era aumentar de forma artificial a superficie natural das praias rianxeiras e en consecuencia o reclamo turístico, potenciar o turismo de sol e praia á costa de poñer en risco a actividade tradicional pesqueira e marisqueira da ría.

Despois de máis de unha década dende a execución do proxecto, as posibles consecuencias negativas que se advertían daquela convertéronse nunha realidade. As praias obxecto da actuación, particularmente aquelas nas que se construíron os espigóns, convertéronse en zonas mortas dende o punto de vista marisqueiro, tal e como llo teñen denunciado os responsables da Confraría de Pescadores de Rianxo. Dende esta institución levan anos facendo un importante esforzo para recuperar os bancos marisqueiros que se perderon. Nos últimos 5 anos invertéronse na rexeneración destas zonas preto de 50.000€, porén, estes esforzos resultaron en balde.

Desde Rianxo en Común pensamos que é fundamental para o noso municipio defender os intereses do sector pesqueiro e garantir, na medida das competencias municipais, a continuidade dunha actividade da que viven un importante número de familias rianxeiras.

Por todo o sinalado, desde o Grupo Municipal de Rianxo en Común propoñémoslle ao Pleno do Concello de Rianxo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. instar a Portos de Galicia e á Demarcación de Costas a realizar un estudo relativo ás consecuencias da instalación dos espigóns para o sector pesqueiro de Rianxo.
2. instar a Portos de Galicia e á Dirección Xeral de Costas a estudar unha alternativa para os actuais espigóns ubicados nas praias rianxeiras que permita a normal circulación das correntes.
3. instar a Portos de Galicia e á Demarcación de Costas a facer extensivos os puntos anteriores ao espigón da zona do Porto de Taragoña e ao de Neixón cuxos terreos, adxacentes, se ben pertencen ao termo municipal de Borro, son explotados pola confraría rianxeira.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a

constitúen, APROBAR a moción nos termos desta

4 MOCIÓN DE RIANXO EN COMÚN: ZONAS DE OCIO INFANTIL DO CONCELLO DE RIANXO

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Moción relativa a ZONAS DE OCIO INFANTIL DO CONCELLO DE RIANXO, sen ditame previo da Comisión Informativa.

A secretaria fai a advertencia de que se trata de un rogo realmente que debería de tratarse no punto de rogos e preguntas dado o carácter xenérico da súa redacción e ante a posible competencia sobre o asunto en cuestión do órgano competente para a aprobación e licitación dos correspondentes proxectos técnicos.

O voceiro do grupo municipal Rianxo en Común di que como se incluíu na orde do día que manifesta a súa intención de que se vote.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orde do día do presente Pleno da Moción sen ditame previo de Comisión Informativa, aprobándose a citada inclusión por unanimidade dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación

Dáse lectura a moción

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A crise da COVID-19 propiciou unha maior reflexión sobre a necesidade de coidar o entorno natural e a nosa relación con el. É ben sabido que o contacto directo coa natureza resulta esencia para o ser humano, especialmente para os nenos e nenas, xa que repercute de xeito positivo sobre as súas capacidades emocionais, intelectuais e creativas.

Partindo desta necesidade de contacto, dende ReC queremos prantexar a necesidade de revertir a tendencia de afastamento da natureza que que veñen sufrindo, de maneira xeral na maioría dos municipios, os parques e zonas de ocio infantil nas últimas décadas. Cremos que esa conexión co mundo, tan necesaria nos primeiros anos para os xogos, descubrimento e emocións sensoriais, non poden realizarse de ningún modo en zonas completamente cubertas de caucho e materiais sintéticos. Neste pasado confinamento quedounos claro que se ao precintar as estruturas dun parque xa non se pode facer nada nel é porque é un parque mal deseñado, no que faltan espazos para a socialización, de movemento libre e de relación activa co medio ambiente. Consideramos que o entorno natural debe de ser unha parte integral do parque infantil; un entorno rico, que lle permita aos máis cativos experimentar, onde poidan medrar apreciando o medio ambiente, desfrutándoo e comprendendo que é algo que hai que coidar como sociedade. Débese asegurar que os nenos e nenas manteñen unha boa relación coa natureza para garantir a súa educación dende o punto de vista ambiental e ecolóxico.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Rianxo en Común somete á consideración do Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

1. Que na medida na que sexa necesario efectuar actuacións de mantemento nos parques e zonas de ocio infantil, ou, de ser o caso, cando se proxecten novas áreas, se priorice o acondicionamento das mesmas cara esa vertente máis ecolóxica que describimos no texto, dotándoas de máis zona verde, areeiros, vexetación arbórea e arbustiva variada, e outras estruturas naturais que permitan o desenrolo motriz adecuado ás distintas idades, mantendo un contacto directo coa natureza.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a moción recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 10 votos a favor (5 dos membros do grupo BNG, 3 dos membros do grupo PSOE e 2 membros de Rianxo en Común), cero votos en contra e 4 abstencións (dos 3 membros do grupo PP e 1 de un membro do grupo PSOE) dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta

5 ROGOS E PREGUNTAS

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2020/G010/000008 e identificado pola pegada dixital:

b70777dc4f4aa32d3b19963338e4863013dd99284435afe91028914c49b72af4

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://youtu.be/iBEy6GC1Jrw>